



Mercurín



Gran Ferrería Locay



Pozo da Grada

Foto de Guillermo Diaz

DISTANCIA		TEMPO ESTIMADO		TIPO DE PERCORRIDO	
13,5 km.		5h 25min		Circular	

ALTURA MÁXIMA		ALTURA MÍNIMA		DESNIVEL ACUMULADO	
1027 m		569 m		890 m	

DIFICULTADE	Media-Alta	HOMOLOGADA	Si
--------------------	------------	-------------------	----

PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA	Seoane do Courel
---------------------------------	------------------

ACCESO EN BICICLETA	Ciclable con BTT en sentido antihorario
----------------------------	---

SERVIZOS

Na poboación de Seoane do Courel, onde comeza a ruta, pódense atopar dous supermercados, un establecemento bancario, varios locais de hostalaría e diversos establecementos onde hospedarse.

Así mesmo, na aldea de Mercurín existe unha fonte da que se pode aproveitar a auga para beber ou refrescarse

M.I.D.E.	Medio	Itinerario	Desprazamento	Esforzo
	2	2	2	3



ACCESOS

Dende Quiroga tomar a estrada LU – 651 en dirección a Folgoso e a Seoane do Courel e continuar 35 km ata chegar a Seoane.

PERCORRIDO

Seoane, Ferrería Nova, Mercurín, Castro de Brió, Paderne, Cabanas de Caseliña, Cabanas de Carballois, Aldea do Mazo.

SINALIZACIÓN

Sinalización segundo a normativa de homologación da F.G.M. Existe un panel de inicio en Seoane do Courel. Marcas de pintura realizadas en 2017.

PUNTOS DE INTERESE / CONTORNA

- Ferrería Locay
- Pozo da Grada
- Cabanas de Carballois

A ruta parte da poboación de Seoane do Courel e comezaremos descendendo ata a antiga Ferrería Locay, preto de onde se unen os ríos Pequeno e Lor. Despois o sendeiro comeza a ascender pola ladeira dunha montaña entre vexetación autóctona e cruza un soto de vellos castiñeiros ata chegar a Mercurín. Posteriormente a ruta continúa ascendendo entre soutos dedicados a produción de castañas que van deixando paso á vexetación baixa, permitíndonos unhas boas vistas panorámicas da Serra do Courel e os seus principais picos, o Formigueiros e o Pia Paxaro. Posteriormente comezaremos a descender pola ladeira do val do río Pequeno ata chegar á aldea de Paderne. Dende aquí descenderemos ata chegar o leito do río.

Máis adiante atravesaremos unha serie de edificacións abandonadas chamadas Cabanas dos Carballois e a pouca distancia delas atópase a recuperada Aldea do Mazo. O camiño continúa sen grandes desniveis ata chegar de novo a Seoane, onde a ruta finaliza.

RECOMENDACIÓNS

Esta ruta é recomendable realizala en sentido horario, en dirección a Mercurín. Desta forma as zonas máis sinxelamente transitables realizaranse ao final do traxecto e abordanse os tramos de maior desnivel positivo ao comezo. Recómendase visitar, de ser posible, a Ferrería Locay, unha construción icónica da zona.

MÁIS INFORMACIÓN www.folgosodocourel.es www.wikiloc.com

